



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CERTIFICADO

Elena Suárez Rodríguez , secretaria – interventora do Concello de Boqueixón,

CERTIFICO:

Que na Xunta de Goberno ordinaria que tivo lugar o día 8 de maio de 2014 adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente :

O día 7 de maio a empresa Estudio Técnico Gallego, SA, presenta no rexistro deste concello a documentación requirida no seu momento para a adxudicación do contrato do servizo de asistencia técnico urbanística deste concello.

Segundo a lei de contratos, desde que a empresa presente a documentación requirida, hai 5 días hábiles para a adxudicación do contrato, polo tanto, á vista de que non se realiza outra xunta de goberno ata o día 29 de maio a Xunta de Goberno aproba a urxencia deste punto.

Na Xunta de Goberno realizada o día 20 de febreiro de 2014, acordouse iniciar os trámites para a contratación do servizo de asistencia técnico – urbanística do Concello de Boqueixón por procedemento negociado sin publicidade, por un prazo de 3 anos e un importe anual de 19.884 euros + IVE .

Na Xunta de Goberno do día 24 de abril clasificáronse as ofertas presentadas tal e como se reflicte a continuación:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA	TOTAL
Estudio Técnico Gallego, SA	7.5	18.85	26.35
Ingeniería del Noroeste, SL	3.0	0.0	3.0
Proyfe, SL	2.5	0.0	2.5

Con data 2 de maio solicitouse a Estudio Técnico Gallego, SA que presentara os xustificantes de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o aval correspondente e o certificado de contar cos medios materiais e persoais necesarios para a execución do contrato. A empresa presentou a documentación o día 7 de maio de 2014.

Tendo en conta a lei de contratos do sector público modificada pola Lei 34/2010 de 5 de agosto segundo a que, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación, a Xunta de Goberno acorda:

1 Adxudicar o contrato do servizo de asistencia técnica urbanística do Concello de Boqueixón á empresa Estudio Técnico Gallego, SA por importe de 23.014,20 (IVE incluído) e duración de 2 anos prorrogables por 1 ano máis.

2 Notificar este acordo ó adxudicatario e ós demais licitadores

E para que conste, asino este certificado.

Boqueixón, 12 de maio de 2014

A Secretaría



Elena Suárez Rodríguez

Visto e prace
O Alcalde



Jesús Sanjuás Mera